

RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES SANITAS
RESIDENCIAL
RUA SANTO TOMAS 9-11B
15002 A CORUÑA

Expt.: BSO00A 2021/388
BBP/acl

Por medio do presente escrito achégase acta da inspección A-150/2021 redactada após da inspección xirada con data do 04 de marzo de 2021 ao centro de servizo sociais RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES SANITAS RESIDENCIAL (E-2290-C-1), na Rúa Santo Tomas, nº 9-11B, A Coruña.

Esta comunicación fórmulase de conformidade co artigo 50.4) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia

Berta Besada Porto

Acta de inspección de servizos sociais

Acta nº	A-150/2021
Data	04/03/2021
Nº exp.:	BSO00A 2020/388
Nº páxinas:	3

Entidade titular	SANITAS MAYORES SL (E-2290)
Representante legal	
Entidade xestora	--
Representante legal	--

Centro/programa inspeccionado	RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES SANITAS RESIDENCIAL (C-2)		
Enderezo	RUA SANTO TOMAS 9-11B	Tlfonos	981903385
Código Postal	15002	Concello	A CORUÑA
		Provincia	A CORUÑA
Entidade/centro nº	E-2290-C-1	Tipoloxía	GRAN CENTRO RESIDENCIAL
		Prazas autorizadas	127

Persoal inspector: PSC020000515770008

Resultado do actuado:

En canto ás instalacións:

- 1.- O estado de conservación das instalacións non é adecuado, toda vez que se constata a existencia de:
- Nas paredes dos distintos corredores así como nas portas de acceso as distintas dependencias constan rozaduras debidas ao uso.
 - As axudas técnicas de varios cuartos de baño das habitacións están enfurruxadas (habitacións nº 426, 401, 422, 325, 314,...).

Deberán proceder ao arranxo das deficiencias co fin de manter as instalacións en correcto estado de mantemento e conservación.

2.- Constátase que nos cuartos de baño de uso común da planta -1, así como no baño da zona de enfermería, os chamadores de emerxencia non son accesibles dende o chan xa que están a media altura. Requírese que procedan a revisión de todos os dispositivos de chamada de urxencia dos cuartos de baño posto que deben ser accesibles dende o chan en caso de precisalo a persoa usuaria.

3.- Constátase que no centro se levou a cabo unha modificación substancial das instalacións, sen que conste a comunicación da finalización das obras levadas a cabo tal e como lle foi requirido en data 09/05/2018. Deberán achegar a esta unidade administrativa toda a documentación que consta no devandito requirimento.

4.- Constátase que as mesiñas nas que se sirve o almuerzo nas habitacións están moi sucias, presentando restos de comida de días anteriores. Requírese que procedan a limpeza deste mobiliario de xeito adecuado co fin da mantelo nun correcto estado de limpeza e salubridade.

En canto ao funcionamento:

5.- Constátase que no comedor da planta baixa se está a almacenar medicación que se vai administrar durante o día, estando a porta do comedor aberta e sen supervisión por parte do persoal. Para os efectos de evitar riscos de inxesta accidental requírese a custodia baixo chave de toda a medicación.

6.- Polo que respecta á prestación do servizo de coidados básicos da vida diaria constátanse que no centro non contan con rexistros de hixiene bucal e corte de unllas, senón que están incluídos nun rexistro xenérico de coidados. Requírese novamente a inclusión destes coidados no rexistro detallado de actividades da vida diaria das persoas usuarias.

En canto a documentación:

7.- Constátase que o Regulamento de Réxime Interior (RRI) que se achega a persoa usuaria A.B.B. (*****331L) no momento da sinatura do contrato de prestación de servizos non é o visado por esta Administración en data 07/11/2011, que é o vixente ata o momento. Lémbbraselle que o Regulamento de Réxime Interior (RRI) vixente é o visado por esta Administración.

8.- O Regulamento de Réxime Interior (RRI) que está exposto non está visado por esta Administración. Segundo establece o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia no seu artigo 7, e) "*Todos os centros e programas de servizos sociais (..) deben: (...) expoñer nun lugar visible ao público (...) as normas de funcionamento previamente visadas pola Administración.*" Deberán proceder a expoñer o Regulamento de Réxime Interior (RRI) visado por esta administración.

9.- Constátase que os datos que figuran no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) non están actualizados en canto a:

- Número de prazas dispoñibles.
- Persoal do centro.

Segundo establece o artigo 6, a) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia: "*As entidades prestadoras de servizos sociais, inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais están obrigadas a manter actualizados permanentemente os datos que obren no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.*" Requírese que procedan á súa actualización.

Para os efectos de emendar correctamente os requirimentos desta acta recoméndase consultar o Protocolo da Inspección de Servizos Sociais sobre os centros de Maiores, Discapacidade e Dependencia da Comunidade Autónoma de Galicia no seguinte enlace:

https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/xeral/protocolo_inspeccion_maiores_discapacidade_dependencia_0.pdf

Os feitos constatados que se sinalan nesta acta poden ser constitutivos de infraccións en materia de servizos sociais, tipificadas nos artigos 80 e seguintes da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Requírese para que no prazo de dez días se leven a cabo as actuacións precisas para emendar os incumprimentos constatados e acreditar documentalmente a súa emenda.

A contestación a este requirimento debe presentarse de forma electrónica, de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 10.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

A presentación pódese facer no Rexistro Electrónico Xeral dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/>, mediante o procedemento [PR004A - Presentación electrónica de solicitudes](#).

[escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado](#). A contestación debe dirixirse á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. O código de identificación da unidade que tramita o expediente é **A12X01287**.

Infórmase de que o non atendimento deste requirimento pode ser considerado obstrución ao labor inspector, tipificado como infracción grave en materia de servizos sociais, de acordo co disposto no artigo 81 k) da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Unha vez realizada a inspección, iniciada ás 11:00 horas e rematada ás 14:00 horas, redactamos este acta e remitimos copia.

O persoal inspector

PSC020000515770008